

# Traballadoras/es da Sanidade Pública: primeira liña na loita contra a COVID



A pandemia da COVID-19 fixo que se visibilizaran as precarias condicións de traballo do persoal da sanidade pública, persoal que xa ten demostrado a súa excelencia profesional e o seu compromiso coa saúde das persoas prestando un **servizo esencial as 24 horas do día, os 365 días do ano**.

**Aínda que esta situación de precariedade está a ser máis visible durante a pandemia, non é moi diferente da que acontece desde hai anos.**

O traballo que se desenvolve na sanidade pública, con pandemia e sen ela, necesita dun grao de compromiso dos/as profesionais que vai máis alá das competencias do seu posto; xa que **co seu traballo, teñen que cubrir os recortes que fai o goberno**, para poder seguir ofrecendo unha sanidade de calidade.

## Fronte a isto que fai Feijóo?

**Manter os recortes salariais do persoal da sanidade**, situando as súas retribucións **ao final da lista** das retribucións dos Servizos de Saúde.

**Feijóo reclama ao Goberno do Estado que cumpra a normativa, mentres el declárase insumiso.**

Desde a **CIG-SAÚDE** queremos lembrarlle que el tamén **ten obriga de cumprir as normas**. Xa que os acordos salariais e retributivos, pactados na Mesa Sectorial e publicados no DOG, son **normas que hai que CUMPRIR**.

Feijóo non se pode agochar detrás da maioría que ten no parlamento galego para aprobar leis de medidas orzamentarias que seguen a **conxelar os acordos retributivos dos anos 2008/12**.

**Xa se adiantou aos recortes do Goberno do Estado** (do ano 2012) cando no ano 2010 conxelou o acordo retributivo.

Pero non é este o único recorte salarial que fixo Feijóo. **Xa ven recortando desde que era Secretario Xeral da Consellaría de Sanidade**, nos seus anos dourados da Ría de Arousa, cando recortou o Complemento Específico do persoal do SERGAS.

**Mais isto non pode continuar, o persoal do SERGAS ten dereito a percibir as retribucións que lle corresponden; as retribucións recollidas nos acordos retributivos, e publicadas no DOG.**

Eximimos que este ano **se negocie na Mesa Sectorial do SERGAS un calendario de recuperación salarial**, para facer efectivos os importes do acordo retributivo correspondentes aos anos 2010, 2011 e 2012.

Así mesmo, **solicitamos que o persoal do SERGAS perciba a contía retributiva** correspondente ao **Complemento Específico**, recollido na Orde de confección de nóminas, que perciben os/as empregados/as públicos/as da Xunta de Galiza.

É intolerable que o persoal do SERGAS, que traballa noites, domingos e festivos, perciba unha **retribución inferior ao persoal da Xunta**, que traballa en quenda de mañá de luns a venres.

**Para Alberto Núñez Feijóo, este é o trato que merece o persoal do SERGAS...**



**Ti coidas que isto é así? Mobilízate! non llo consintas!**

# LOITEMOS POLOS NOSOS DEREITOS !

